



# veciñanza

nota de prensa

## Veciñanza apoia a iniciativa #EmerxenciaFeminista

*Veciñanza acompaña e apoia unha vez máis a iniciativa do Movemento Feminista Galego levando ao pleno de Cuntis a moción con motivo da convocatoria da #EmerxenciaFeminista.*

Cuntis, 18 de setembro de 2019

O Movemento Feminista Galego promove este venres, 20 de setembro, a acción simultánea **#EmerxenciaFeminista**. Trátase de **iluminar os espazos públicos nos que teñan lugar as concentracións convocadas coa cor violeta**, representativa da loita feminista. Son moitos os colectivos que a impulsan e se agrupan baixo a denominación escollida, e **Veciñanza apoia absolutamente a iniciativa, acompañando a proposta e levando a pleno a moción tipo que as impulsoras da campaña deseñaron para que fose debatida nas Corporacións municipais**.

Esta #EmerxenciaFeminista foi convocada en repulsa polo que consideramos un “verán negro”, como ben se argumenta na moción: *“Os telexornais échense de asasinatos machistas, os seus titulares din que aparecemos mortas (...). O pasado mes de xullo, cada dous días, unha muller foi asasinada. Isto xa non é unha alerta, declaramos a emerxencia feminista. País que asasinan aos seu fillos e fillas para causar o maior dos sufrimentos. Pederastia, trata, desaparicións, asasinatos, chantaxes, extorsión, ameazas, acoso, agresións, abusos, manadas, violacións están á orde do día. Unha xustiza que non é xusta, poñendo en dúbida a declaración das vítimas.”*

Esta mesma semana, o terrorismo machista volveu sementar de morte a nosa comarca. Foi de novo no municipio veciño de Valga, onde un criminal asasinou a tiros a tres mulleres diante dos seus propios fillos. Tres mortes máis, tres motivos máis **para loitar contra esta lacra coa maior das contundencias, repudiando o machismo en todas as súas formas e manifestacións**. Debemos sinalar a quen promove, acubilla, xustifica, nega ou frivoliza accións e comentarios machistas, sinalar aqueles discursos que, moitas veces dende tribunas con gran difusión, minimizan o carácter estrutural dunha lacra que atenta contra a metade da poboación.

**Veciñanza sitúase con toda claridade no movemento feminista**, apoiando a convocatoria da **#EmerxenciaFeminista**, **repudiando calquera expresión machista e loitando tamén contra quen dende espazos institucionais relativiza ou directamente promove este tipo de terrorismo**, esixíndolle ás principais forzas políticas de ámbito estatal unha verdadeira consideración deste problema e a consignación orzamentaria suficiente, así como o compromiso real, para afrontalo.